

Xente de aquí e de acolá

Vou eu e ouso furar no galego deica dar con aquelas leiras segredas.

9

Cunqueiro foi curioso dos elementos que constitúen a armazón da galegitude. En artigos xornalísticos e varios libros de relatos, explorou “o segredo do ser galego”, isto é, “as súas varas de medir o mundo, as voltas do seu maxín, as reviravoltas dos seus soños e devezos, a súa calidade intelectual, o gusto da sorpresa, a ironía que fai dun home, nun intre dado, un señor rei, e a humildade, e a sabrosura da preguiza, o adoecer do que non hai, e o morrer soio coa súa teima, e deixala en herdo, coma un tesouro inatopable”.




Fotografía: José Suárez



De entre os tipos galegos, sentiu especial fascinación polos cegos que cantaban nas romarías. Para o cego de Viloielle versificou dúcias de crimes que acadaron grandes éxitos

“O galego é superticioso e cre, como o grego, que un rito cumprido exactamente é obrigatoriamente eficaz. De aí que crea no milagre, e visite os santos taumaturgos en romerías... Pero ao mesmo tempo é escéptico e irónico, e a mestura dá un tipo intelectual moi característico, preguiceiro, soñador”.



A humanidade galega reúnese nas feiras. Falando das propias de Mondoñedo, Cunqueiro afirmou: “Para min acudir ás San Lucas é como facer unha peregrinación”



No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

Eu chamo aos mosegos que descen dos teus ollos
até cubrir as pedras máis recentes.
En cada arbore a ponla onde aniñan os melros
sangra lentamente, ao escoitar o vento que pasa.

Terás, cidade, de resucitar ao terceiro día,
pro até entón vagarán polo teu peito as pantasma da
choiva coa boca chea de terra e lúa,
e terás de dormir anque nós soñemos con bosques
vermellos nos que as eguas
brincan coas pombas beira dun río de laurés dourados.

Esa música que ouces, cidade, é un reloxo de cobras negras,
a agulla que fere teu corazón e queima teu rostro,
namentras descansas ao pé dos montes recobrados,
eses montes que mar deitou, restos do primeiro naufraxio.

Comezarás a espreguizarte cando os anxos da Paula
recollan o teu sono de bronce coas súas mans,
e eu quixera estar entón a teu carón
cun anaco de branco ceo nos beizos,
preguntándoches onde deixache a noite, a choiva,
o silencio e o vento.

Falo da miña cidade anterga e sacramental,
disposta no chan coma unha muller preñada e silenciosa.
Ollo pra o labrantío do seu seo e o bosque do seu rostro.

Xistral 2, 1948